

Sociolingüística: **prexuízos**: Artigos de opinión sobre o prexuízo evidenciado na viñeta.



A diversidade lingüística é un tesouro que debemos preservar. **Non obstante**, as linguas minorizadas (desprestixiadas), como o galego no seu territorio, enfróntanse a numerosos prexuízos que dificultan a súa supervivencia.

Un prexuízo común, *como se ve na viñeta*, é a crenza de que é de mala educación responder en galego cando alguén nos fala en castelán. Este tipo de pensamento non só é erróneo, senón que tamén contribúe á desaparición de culturas e identidades únicas.

Na viñeta, o personaxe máis novo afirma que responder en galego é de mala educación, mentres que o ancián desmonta este prexuízo ao suxerir que a verdadeira mala educación é non respectar a lingua do outro. Esta interacción reflicte unha actitude de superioridade da lingua dominante e imposta historicamente, o castelán, sobre a lingua minorizada e propia do país, o galego, e amosa como os prexuízos lingüísticos poden ser transmitidos de xeración en xeración.

Vivir nun territorio plurilingüe, como Galiza, é unha riqueza que debemos valorar. A convivencia de varias linguas nun mesmo espazo fomenta a tolerancia, o respecto e a comprensión entre culturas diferentes. **Ademais**, o plurilingüismo enriquece o noso coñecemento e abre portas a novas oportunidades tanto persoais como profesionais.

En definitiva, é fundamental promover o uso do galego en todos os ámbitos e educar á sociedade sobre a importancia da diversidade lingüística e, neste proceso, a educación xoga un papel crucial. É necesario que as novas xeracións, de orixe galega ou non, aprendan a valorar e utilizar o galego con orgullo, recoñecendo o seu valor intrínseco e a súa capacidade para transmitir coñecemento en calquera campo.

Comentario 2.

Os prexuízos xerados contra o galego existen desde os inicios da situación diglósica (o galego será desprestixiado e verá reducidos os seus usos ao ámbito familiar), unha vez que o castelán se asentou como *lingua de prestixio* no noso país (fins da Idade Media). Estes prexuízos teñen sido alentados desde o poder centralizador, en diversos períodos históricos (Séculos Escuros ou ditadura franquista), coa finalidade de denigrar o galego fronte á lingua do Estado, no marco dun proceso de substitución lingüística. **Se ben** na actualidade parece que se reduciron as consideracións pexorativas sobre o galego, hai algunhas que perduran e mesmo se están detectando outras novas.

Como vemos na viñeta, o uso do galego como unha descortesía perante persoas descoñecidas é un deses prexuízos instalados na nosa sociedade. É normal que os galegos pensemos que nos temos que adaptar aos costumes e á lingua propias doutro país ao que vaíamos. **Pero** non é normal que pensemos que debemos ser nós os que debamos adaptarnos á lingua das persoas foráneas castelanfalantes que viven na nosa comunidade e non fan ningún esforzo por aprenderen a nosa lingua.

A pretendida falta de comprensión do galego é máis un problema de actitude que un problema real de comunicación, dado o gran parecido existente entre galego e castelán. Máis que unha descortesía do galegofalante, estamos ante unha falta de respecto pola lingua autóctona que pode facer que en ocasións un galego se poida sentir estranxeiro na súa propia terra ao ser recriminado por empregar a lingua propia.

Como conclusión, podemos dicir que se temos en conta que os prexuízos lingüísticos son xuízos de valor negativos emitidos sobre unha lingua ou os seus falantes a partir de realidades simplificadas, manipuladas ou inventadas, comprenderemos que repercutan gravemente no uso do galego ao relegalo a un emprego diglósico (como lingua minorizada, desprestixiada) promovendo a súa substitución pola lingua hexemónica (prestixiada desde o poder). Un dos resultados máis dramáticos disto é a perda progresiva de falantes galegos, tal como reflicten os últimos estudos sociolingüísticos.